



**CULLEREDO**  
**CONCELLO**  
(R.E.L. 01150315)

Código do documento	Código do expediente
DLO18I008J	DLO/2024/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	144E 5911 3F4Y 3C2H 0IKD

MBB

## Anuncio de suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica na Área Acústica Residencial do Burgo durante a celebración das súas festas populares do 2024

O concelleiro delegado de dinamización social, en data 9/07/2024 adoptou o acordo que transcrito literalmente di:

### **“Resolución de autorización suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica festas O Burgo 2024”**

*Primeiro.- Vista a solicitude presentada no Rexistrio Municipal por dona M<sup>a</sup> DOLORES SANTISO MARTÍNEZ, con DNI 76402298R, en representación da ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS DO BURGO ASOCIACIÓN CULTURAL (CIF G 70378427), o día 18/06/2024 na que solicita a ocupación de vía pública para a celebración da festa popular ao aire libre na zona do campo da festa do Burgo entre os días 23 a 28 de xullo de 2024, ámbolos dous inclusive.*

*Segundo.- Visto o proxecto técnico de estudio de impacto acústico realizado para avaliar a incidencia acústica producida polos focos de ruídos pertencentes ao dito festival, (código de documento nº DLO18I0089).*

C.I.F. P-1503100-H

*Terceiro.- Visto o informe da xefa de servizo de dinamización local, formación e emprego de data 9-07-2024 (código de documento nº DLO18I008A) no que se propón a suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica na área acústica residencial durante a celebración das festas populares do Burgo entre os días 23 a 28 de xullo de 2024, e a emisión dun edicto por parte de Alcaldía que regule de forma provisional a dita suspensión e que sexa publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Culleredo e no Boletín Oficial da Provincia, para o seu coñecemento xeral.*

*Cuarto.- Visto que os concellos poden, ao tratarse dunha actuación de ámbito municipal e en virtude do establecido no artigo 7 do Decreto 106/2015 do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia; de conformidade co exposto polo artigo 9 da lei 37/2003, del 17 de novembro, con motivo da organización de actos de especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza similar, os concellos en cuxo ámbito territorial se celebren poderán adoptar, en determinadas áreas acústicas, despois da valoración da incidencia acústica, as medidas necesarias que deixen en suspenso temporalmente o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica que lle sexan de aplicación.*

#### Consideracións legais

*Primeiro.-Lei 37/2003 de 17 de novembro do ruído.*

*Segundo.- Real Decreto 1513/2005 de avaliación e xestión do ruído ambiental.*

*Terceiro.- Real Decreto 1367/2007 de 19 de outubro, por el que se desenvolve a Le 37/2003 de 17 de novembro, do ruído, no tocante á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.*

*Cuarto.- Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.*



Código do documento	Código do expediente
DLO18I008J	DLO/2024/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	144E 5911 3F4Y 3C2H 0IKD

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar a suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica na área acústica de tipo a. "Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial" do Decreto 1367/2007, de 19 de outubro , sobre zonificación acústica e que vén a desenvolver a Lei 37/2003 de 17 de novembro, limitada á seguinte zona limitada polas rúas:

1. Paseo da Ría do Burgo.
2. Paseo da Ría do Burgo xunto a Igrexa de Santiago do Burgo, e as súas respectivas zonas de influencia (zonas de influencia que se estenderán a 50 metros aproximadamente), durante o período de tempo comprendido, entre os días 23 a 28 de xullo de 2024.

Segundo.- Publicar o presente Decreto no Taboleiro de Edictos do Concello de Culleredo e no Boletín Oficial da Provincia, para o seu coñecemento xeral

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

C.I.F.P-1503100-H

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

Culleredo, a 9 de xullo de 2024

O concelleiro delegado de dinamización social

Asdo.: Juan Carlos Iglesias Lovelle



Código do documento	Código do expediente
DLO18I008J	DLO/2024/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	144E 5911 3F4Y 3C2H 0IKD

P.D. Resolución do 4/07/2023; BOP núm. 131, do 11/07/2023

IGLESIAS  
LOVELLE, JUÁN  
CARLOS  
Concelleiro  
delegado da área  
de dinamización  
social PD  
(Resolución 1260  
de 04/07/2023,

C.I.F. P-1503100-H